

# MERGÚLLATE NO VERÁN CON LIBROS OU PELÍCULAS DA BIBLIO!!!



Esperamos que pases un verán DE  
PEÍCULA ou DE LIBRO...

[biblioaponte.blogspot.com](http://biblioaponte.blogspot.com)

bilioaponte@gmail.com

## UNA INVESTIGACIÓN FILOSÓFICA

Philip Kerr


Nesta novela "futurista", ambientada nun ficticio 2013, aproveítase a misteriosa personalidade do filósofo vienes Ludwig Wittgenstein para urdir unha trama policial inquietante en grao sumo, na que unha inspectora londiniense trata de resolver os crimes cometidos por un ficticio e psicópata Wittgenstein.



## LA PUERTA CERRADA

Jean Paul Sartre

Nesta obra teatral, Sartre mostra tres personaxes que se disponen a pasar a eternidade no inferno: un desertor fusilado que maltrataba a súa muller, unha infanticida e unha muller que causou a desgraza de cantos a rodeaban. Os tres personaxes daranse conta paulatinamente de que o seu castigo consiste en verse uns aos outros tal como son e en soportar eternamente esa repulsiva compañía. Estes personaxes crearon o seu propio inferno facendo un absurdo das súas vidas e o único castigo-horrible-consiste en vivirlas.



## UN MUNDO FELIZ

Aldous Huxley

Esta novela é unha Utopía na que se describe un mundo ficticio onde a "perfección" é levada o seu máximo nivel. *El mundo feliz*imaxina un lugar do futuro, no que se controla e lava o cerebro a todas as persoas. O nacemento é un procedemento científico. Os individuos son creados á carta e deseñados sen liberdade. Á xente se lle ensina a pensar de certa forma cando son novos e os programan para ser "felices e gozar da vida". Non está permitido nin a arte, nin a relixión, a ciencia ou a filosofía...

## A BIBLIOTECA DO IES PONTECESO

RECOMÉNDAVOS...

# LECTURAS para o verán



BACHARELATO

Verán 2011

# Divulgación

Lecturas recomendadas polos vosos compañeiros



## EL LADRÓN DE CEREBROS

Pere Estupinyà

O autor explica de forma rigorosa e clara todo o que foi aprendendo nas conferencias ás que asistiu no MIT. O libro trata diversos temas: explicación do contaxio da gripe, os síntomas da resaca e o modo de reducila, como chegar ó orgasmo e os seus principais síntomas, hormonas que crean confianza na xente, inxección de xenes que provocan a capacidade rexenerativa nalgúns organismos, a explicación da evolución, a explicación a virxinidade da

Virxe María...

Ivana 1º A BAC.



## UN PLANETA DE GORDOS Y HAMBRIENTOS

Luis de Sebastián

Vivimos nun mundo onde un millón de persoas pasa fame e outro millón sofre obesidade. Con este libro de Luis de Sebastián aprenderás que a obesidade e a fame son fallos de alimentación, as inxustizas entre os países pobres e ricos, os enganos que nos da a publicidade, como as empresas buscan o mellor para elas etc. O libro empézanos contando como as empresas grazas a "comida basura" se fixeron multimillonarias e acaba contando o uso dos alimentos "trans" como unha medida para acabar ca fame no mundo.

Alejandro Ventura 1ºD BAC



## EL CUERPO COMO DELITO

Josep Toro

É un libro de denuncia social de hábitos que poden ter efectos devastadores nos individuos e nas súas familias escrito por Josep Toro.

Está dedicado ao análise de diversos factores patolóxicos "psicoalimentarios" como son a anorexia e a bulimia, ambas trastornos do comportamento alimentario que se detectan na maioría dos casos en adolescentes e no xénero feminino e son asociadas moitas veces con depresión. Ademais, fai un amplo recorrido sobre montóns de temas relacionados cos trastornos alimentarios.


Lara 1º C BAC

## ELEMENTAL QUERIDOS HUMANOS

Juan Luis Arsuaga

Este libro ensínanos como foi a orixe da Terra, como se desenvolou a vida, a biodiversidade que presentamos na actualidade entre todas as especies e remata cun estudo sobre os homínidos. Ademais disto, fai referencia a diferentes teorías da vida que teñen posibilidade de ser ou non falseadas.

Vanesa 1ºB BAC



## HIERRO EN LAS ESPINACAS

Jean Françoise Bouvet

Neste libro aprenderás que a maior parte das veces que pensas que tes gripe non a tes, que o tabaco protéxete da enfermidade do parkinson e retrase a do alzheimer, que o roxo non excita ós touros (case que non distinguen as cores), que unha culler dentro do champán non sirve para nada porque non conserva a presión como se cree... Myre 1º D BAC



## 50 COSAS QUE HAY QUE SABER SOBRE GENÉTICA

Mark Henderson

Trata temas como a intelixencia, a raza, a homosexualidade... e de todos deles che explica o mais básico que che sirve, por exemplo, para cando estás nunha conversa poder falar con propiedade e non falar por falar.

Miguel 1º BAC

## Ficción

Recomendacións da biblioteca

### O VIXÍA NO CENTEO


J.D. SALINGER



A novela, escrita en primeira persoa, relata as experiencias de Holden Caulfield, un rapaz de 16 anos despois de ser expulsado da súa escola. Holden é un rapaz rebelde e cíncio, ten unha visión particular do mundo. Siente un resentimento por todo ser humano ata o punto de deprimirse pola hipocrisia do seu contorno, está a camiño entre a infancia e o mundo adulto...

### LA INSOPIRABLE LEVEDAD DEL SER

Milan Kundera



A novela ambientada en Praga no ano 1968, conta a vida dun home, Tomás e as súas dúbidas existenciais, sobre todo na relación de parella. Esta é unha historia de amor, sexo, traizóns, morte e tamén das debilidades e paradoxos da vida cotiá das parellas. Reflexión profunda sobre a vida e a existencia...